



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de xuño de 2023 (1453/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día oito de xuño de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(423).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de xuño de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(424).- PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2023. EXPTE. 249549/301.

Visto o informe xurídico do 12/05/2023 e o informe de fiscalización do 25/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/05/2023, asinado pola xefa do Benestar Social, o xefe de Área e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Con data 08.03.2023 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social (Yolanda Aguiar Castro) á vista do informe da mesma data do Xefe de Área de Benestar social, resolveu iniciar o expediente do «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2023»

para a súa presentación perante a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a fin de obter as axudas destinadas ó cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no Concello de Vigo reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012 (DOG nº 63, do 30.03.2012) e normativa complementaria.

I.2. O artigo 43 do citado Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014, do 6 de novembro, regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado 1.b) que o Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais deberá ser aprobado polo órgano competente da Corporación Local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación deses servizos.

I.3. Posteriormente, no DOG nº 140, do 26.07.2016 publicouse a Orde do 13.07.2016 pola que se que modificaron os módulos económicos de financiamento e unha actualización ao alza das contías dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

II. INFORME

II.1. Mediante Decreto 99/2012, do 16 de marzo, regúlanse os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, producíndose un cambio de procedemento: do anterior baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual para dar continuidade a uns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas Corporacións Locais (“Plan concertado”).

II.2. O Decreto 99/2012, modificado polo posterior Decreto 148/2014 do 6 de novembro, ademais de desenvolver a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recolle entre os seus obxectivos o de establecer os mecanismos que permitan a transferencia automática aos entes locais das cantidades que anualmente lles correspondan en concepto de cota fixa polo “Plan concertado” de servizos sociais.

II.3. As cantidades que perciban para o seu financiamento as entidades locais como titulares dos servizos sociais comunitarios diferencianse entre transferencias correntes e transferencias de capital. As de capital poderán ter como finalidade novos investimentos en centros de servizos sociais, o seu equipamento ou a adaptación e mellora da accesibilidade das instalacións e as transferencias correntes enfócanse ó financiamento dos gastos de persoal, indemnizacións por razón de servizo e formación, servizos de axuda no fogar e sostenemento doutros programas de actuación comunitaria.

A Concellería de Servizos Sociais iniciou no 2020 un Plan de investimentos para a mellora e ampliación da prestación dos servizos sociais. Rematáronse xa os dous primeiros proxectos que foron a rehabilitación interior e ampliación do centro de servizos sociais da Praza da Princesa e a rehabilitación do edificio sito en rúa Alta n.º 23 do Casco Vello para uso como Centro de formación de Benestar Social. Neste ano 2023, continuamos co plan de investimentos coa rehabilitación do Centro Integral de inclusión e emerxencia social (CIIES) cun orzamento previsto de 116.000,00€. O financiamento para estes investimentos deberá axustarse ao Mapa galego de servizos sociais e ao Plan estratéxico de servizos sociais tal e como recolle o xa citado Decreto 99/2012. Pero dado que, tanto o Mapa galego de servizos sociais coma o **Plan estratéxico de servizos sociais a día de hoxe seguen sen aprobarse por parte da Xunta de Galicia, e polo tanto, non se convocan subvencións en réxime de concurrencia competitiva, estes investimentos serán asumidos e financiados integramente polo Concello de Vigo**



Concello de Vigo

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS – 2023», elaborado polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, de acordo coa documentación que obra no expediente administrativo nº 249549/301 (2023).

SEGUNDO: Facer constar expresamente, para os efectos do disposto no Art. 43 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo de 2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a **continuidade na prestación destes servizos no Concello de Vigo.**

TERCEIRO: Solicitar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal que ascende a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de **12.248.763,16 €** co seguinte detalle:

-Persoal: 928.359,00 €

-Mantemento: 3.463,39 €

-Axuda no fogar:

*Modalidade de prestación básica: 89.004,43 €

*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 7.193.940,00 €

-Xestión de programas: 4.033.996,34 €

- Investimentos: 0,00 €

CUARTO: Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no Proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ó exercicio 2023, na contía de **10.047.999,45 €**, que supón unha porcentaxe do **45,06%** sobre o orzamento total do Proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

QUINTO: Facer constar que a sinatura de todos os documentos e comunicacións e a orde e visto e praxe das certificacións que se remitan á Consellería de Política Social relacionadas co presente expediente, correspóndelle á Concelleira delegada de Política de Benestar Social, D^a Yolanda Aguiar Castro, segundo decretos de delegación de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo XGL de 5/11/2020, que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos Concelleiros Delegados de Área e nos demais e nos demais preceptos de pertinente aplicación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(425).- RENUNCIA DO POSTO BP11 DO MERCADO DA PRAZA DE ABASTOS DO PROGRESO. EXPTE. 9506/106.

Visto o informe xurídico de data 26/05/2023, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2023, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión do 14/09/2009, acordou outorgar a Dna. María Teresa Marcos Vidal, NIF ***0765>> a concesión de dominio sobor do posto denominado BP11 (B14), bancada de peixe do Mercado do Progreso.

2.- Con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo 02/05/2023, doc. 230120196, María Teresa Marcos Vidal NIF ***0765>>, solicita a renuncia ao posto BP11 da bancada de peixe do Mercado do Progreso tras a súa xubilación aprobada polo Instituto Nacional da Seguridade Social con data 17 de febreiro de 2023.

3. Con data 09/05/2023 o tesoureiro municipal emite informe indicando que Dna. María Teresa Marcos Vidal non ten débedas ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

4.- Con data 10/05/2023 a Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, doc. 230127293 indicando que a concesionaria do posto BP11, Dna. María Teresa Marcos Vidal, non ten pendente débeda coa asociación e está ao corrente de todos os pagos.

6.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudícase á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso. Dito contrato formalízase en data 30 de xuño de 2015, dando comezo o 1 de xullo de 2015.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil.
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).,
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible. (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo se establece no artigo 6.2 do Real decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil, a exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen o interese ou a orde pública nin prexudiquen a terceiros.

Segundo se establece na cláusula 4 dos pregos de cláusulas administrativas e no artigo 6 dos pregos de prescricións técnicas aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no “*Mercado Municipal do Progreso*” mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, o adxudicatario (Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor destes.

No presente suposto, a renuncia presentada á concesión de dominio sobre o posto BP11 (B14) bancada de peixe no Mercado do Progreso, non contraría en ningún caso o interese público nin prexudican a terceiros polo que, procede a súa aceptación.

A renuncia, de acordo coas condicións coas que foi outorgada a concesión de dominio no seu día, non dá lugar a indemnización ou reembolso ningún.

Polo anteriormente exposto, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, obtén a concesión de dominio sobor do posto BP11 (B14), ata a data 30 de setembro de 2029, data de remate da concesión de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e os pregos de prescricións técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, órgano que outorgou a concesión de dominio.

En mérito ao que antecede, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Declarar a extinción da concesión de dominio público do posto da bancada de peixe BP11 (anteriormente B14) adxudicado a María Teresa Marcos Vidal, NIF ***0765>>, outorgada por un prazo de 20 anos a contar dende o día 01 de outubro de 2009, por xubilación desta.

SEGUNDO.- Declarar vacante o posto BP11 da bancada de peixe e, en consecuencia, outorgar a concesión de dominio sobor do posto de referencia á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso ata a data 30 de setembro de 2029, data de remate da concesión.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados a María Teresa Marcos Vidal e á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(426).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA EN CEDRO E CMSS. EXPTE. 2926/315.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 1/06/2023, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) (alegacións) (DECLARACIÓN DESERTO)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315).

Segundo.- O día 6 de marzo de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 21 de marzo.

Terceiro.- Na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2023 a Mesa de Contratación acordou *“Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

1. *EULEN SEGURIDAD, S.A.*
2. *SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U”.*

Na mesma sesión se abriu o Sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos e se solicitou ao servizo xestor informe de valoración das referidas proposicións.

Cuarto.- Na sesión do 3 de maio de 2023 a Mesa aceptou o informe de valoración do sobre B emitido polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 e se abriu o Sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos, solicitándose ao servizo xestor informe sobre a referida documentación. O 4 de maio publicouse a correspondente acta no perfil de contratante.

Quinto.- O 5 de maio de 2023 SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. formula sendos escritos de alegacións (documentos nº 230123202 e 230124219).

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023 tomou razón das alegacións formuladas por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e adoptou o seguinte acordo:

1. “Excluír deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.
2. Excluír deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que os dous licitadores presentados foron excluídos do procedemento mediante acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023, cómpre declaralo deserto.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(427).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DUN PATROCINIO PUBLICITARIO PARA CELEBRAR UN CONCERTO INTERNACIONAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS EN XUÑO DE 2023. EXPTE. 9713/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/06/2023, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no Estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) (DECLARACIÓN DESERTO)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335).

Segundo.- O día 25 de abril de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 10 de maio.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 11 de maio de 2023, presentouse unha proposición.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 acordou non admitir ao único licitador presentado, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado neste procedemento con base nos antecedentes e consideracións xurídicas recollidas na acta do 1 de xuño de 2023 que deseguido se indican, cómpre declaralo deserto:

“Á vista dos antecedentes citados, concorrería un suposto de non admisión do licitador, SWEET NOCTURNA, S.L., por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido, que rematou o pasado 15 de maio de 2023, á vista do informe emitido pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio.

A documentación achegada o 30 de maio é extemporánea, non incorpora a “Copia da escritura de cesión dos dereitos de representación en exclusiva do artista” esixida na cláusula 13.7 do PCAP e requirida na sesión do 11 de maio de 2023, e en todo caso, non procede a súa aceptación porque non cabe a emenda dunha emenda tal como declarou o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa resolución 74/2012 “este Tribunal considera que no cabe otorgar un segundo trámite de subsanación para corregir los defectos que pueda

presentar la documentación entregada en el plazo establecido para subsanar. Cualquier otra interpretación nos llevaría a permitir sin límite las subsanaciones, con los problemas que ello llevaría aparejado”.

Pronúnciase sobre este aspecto a resolución 283/2022, do 14 de novembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de la Comunidad Autónoma de Canarias ao manifestar “sin que quepa admitir la documentación que presentó a posteriori, una vez conocido el acuerdo de la Mesa de Contratación dando por no acreditada dicha solvencia, para intentar probar la misma -que, por otra parte, consiste en unos meros recibos bancarios y presupuestos, que siquiera vienen acompañadas del preceptivo certificado de buena ejecución y que se aportan a través de un medio no autorizado legalmente-, aunque se de el caso de que se trate de la única licitadora presentada, puesto que no es sólo el principio de igualdad y no discriminación el que aquí debe aplicarse y protegerse, sino también el de seguridad jurídica y transparencia, que obliga al cumplimiento debido de las reglas establecidas, tanto por los pliegos que rigen la contratación, como por la propia LCSP, siendo necesario recordar que este Tribunal ya ha concluido en numerosas resoluciones anteriores que la falta de diligencia a la hora de cumplimentar una oferta o la documentación que ha de aportarse por parte de la licitadora sólo es imputable a la misma.

Ademais, cómpre salientar que nin o licitador nin a Asociación Galega de Empresas Musicais recorreron os pregos, tampouco solicitaron aclaracións sobre a cláusula 13.7 do PCAP, tal e como posibilita a cláusula 11 do PCAP, e a presentación da proposición polo licitador supón a aceptación incondicionada e sin reserva ningunha dos pregos.

A este respecto, a resolución nº 939/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sostén que “ahora no pueden cuestionarse estas exigencias de los pliegos, ley del contrato, pues acerca de la cualidad de lex contractus de los pliegos, una vez éstos adquieren firmeza, se ha pronunciado incluso nuestro Tribunal Supremo. Así, la Sentencia de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo de 19 de marzo de 2001 (Sección Séptima) en la que se afirma que: «(...) esta Sala Tercera ha recordado, en sentencia de 6 de febrero de 2001, la conocida doctrina jurisprudencial en cuya virtud el pliego de condiciones constituye la Ley del Concurso, debiendo someterse a sus reglas tanto el organismo convocante como los que soliciten tomar parte en el mismo, especialmente cuando no hubieran impugnado previamente sus bases, pues, en efecto, si una entidad licitante se somete al concurso tal y como ha sido convocado, sin impugnar, en ningún momento, las condiciones y bases por las que se rija, tomando parte en el mismo, con presentación de su correspondiente oferta y prestando su consentimiento tanto a las propias prescripciones de la licitación como a la participación de las restantes entidades, carecerá de legitimación para impugnarlo después, contraviniendo sus propios actos, cuando no resulte favorecida por las adjudicaciones que, obviamente, pretendía».

En relación coa alegación sobre a confidencialidade dos documentos, que formula a licitadora no escrito de alegacións que presentou como contestación ao requirimento, tampouco se pode considerar un obstáculo para dar cumprimento aos requisitos do prego, toda vez que o artigo 133 da LCSP permite declarar confidencial determinada información facilitada polos licitadores na súa oferta”.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dun patrocinio publicitario para celebrar un concerto internacional no estadio de Balaídos en xuño de 2023 (9.713-335) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir ao único licitador presentado por non emendar correctamente a documentación presentada para declarar o cumprimento dos requisitos previos á vista do informe asinado pola xefa do Servizo de Festas o 22 de maio de 2023”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(428).- DECLARAR DESERTO O LOTE 3 DO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DE ESPECTÁCULOS DE PEQUENO FORMATO, CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS, ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE ENTRADAS E CATERING PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9660/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/06/2023, que di o seguinte:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos (DECLARACIÓN DESERTO LOTE 3)

b) Procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335).

Segundo.- O día 5 de maio de 2023 publicouse anuncio no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, rematando o prazo para a presentación das proposicións o 22 de maio.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 24 de maio de 2023, presentouse unha proposición ao lote 3 “Organización do sistema de entradas para espectáculos no Auditorio de Castrelos”.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 acordou excluír ao único licitador presentado, FUNDACION GALICIA OBRA SOCIAL, polo motivo previsto na cláusula 14.2B do PCAP (“*A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC*”).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa excluíu ao único licitador presentado no lote 3, cómpre declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 3 “Organización do sistema de entradas para espectáculos no Auditorio de Castrelos” do procedemento aberto do servizo de produción técnica soporte de espectáculos de pequeno formato, concertos no Auditorio de Castrelos, organización do sistema de entradas e catering para eventos do programa “Vigo en festas” (9.660-335) porque o único licitador presentado foi excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(429).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA NO



Concello de Vigo

ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENVOLVIDAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE.22448/333.

Visto o informe de fiscalización de data 01/06/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do o subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 16 de febreiro de 2023.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo con data 27 de marzo de 2023.

*Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **71.507,85€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **15.016,65 €** o cal totaliza un*

importe de **86.524,50 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen ive	IVE	Importe con IVE
2023	47.671,90 €	10.011,10 €	57.683,00 €
2024	23.835,95 €	5.005,55 €	28.841,50 €
Totais	71.507,85 €	15.016,65 €	86.524,50 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

3410	2260902	Adquisición de medallas e trofeos
------	---------	-----------------------------------

Quinto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARLOS FERNANDEZ POL	95,50

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNANDEZ POL (**.45.00**), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 24 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 28 e o 30 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Concello de Vigo

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARLOS FERNÁNDEZ POL, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 12 de maio e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CARLOS FERNÁNDEZ POL (**.45.00**) o procedemento aberto para a contratación do subministro de medallas e trofeos para o desenvolvemento da promoción da práctica deportiva no ámbito das actividades deportivas desenvolvidas na Cidade de Vigo (22.448-333) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo máximo do contrato é de 86.524,50 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.016,65 euros, cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 20 %.*

b) Propón unha redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT de:

- Medalla con personalización individual (55 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días)
 - Redución do prazo ordinario a 1 día.
 - Redución do prazo urxente a 1 día.
- Medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro) (prazo ordinario: 5 días, prazo urxente: 3 días)
 - Redución do prazo ordinario a 1 día.
 - Redución do prazo urxente a 1 día.
- Medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro) (prazo ordinario: 45 días, prazo urxente: 20 días)
 - Redución do prazo ordinario a 14 días.
 - Redución do prazo urxente a 14 días.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(430).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DO EQUIPAMENTO NECESARIO PARA A ACTUALIZACIÓN DO HARDWARE DA PLATAFORMA DE ALMACENAMENTO E ARQUIVADO CORPORATIVA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9987/113.

Visto o informe de fiscalización de data 02/06/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, realizada o 01/06/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 13 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware de almacenamento e arquivado corporativos do concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 14/11/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 28/02/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 01/03/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 02/03/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 29/03/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 30/03/2023 conformado pola xefa do servizo de Contratación na mesma data, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 31/03/2023 conformado pola xefa do servizo de Contratación na mesma data.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 350.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 60.743,80 €, dende o 1 de xuño de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
-----------	----------	------------------	------	-----	-------

2023	Sistema de almacenamento de datos, MRR	9207.6260004/22920704	289.256,20	60.743,80	350.000,00
------	--	-----------------------	------------	-----------	------------

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9987-113), na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L. (B36938009), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 24 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 30 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación do 19 de maio polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EDNON, S.L. (B-36.938.009) o procedemento aberto para a contratación do subministro do equipamento necesario para a actualización do hardware da plataforma de almacenamento e arquivado corporativa do Concello de Vigo (9.987-113) por un prezo total de 350.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.743,80 euros e coas seguintes condicións:

- 1. Propón como incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.A.h do PPT (15 discos SSD de mais 800G = 11,72 TB): 10,78 TB.*
- 2. Propón como incremento do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3.B.g do PPT (16 discos NL-SAS de 16.000 GB= 250 TB): 31,25 TB.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(431).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE SÁRDOMA C.F. EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE, CONSIDERADA DE ELITE, NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 . EXPTE. 22438/333.

Visto o informe xurídico do 19/05/2023 e o informe de fiscalización do 01/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/05/2023, asinado polo técnico de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 30.000,00€ prevista na partida orzamentaria 34104890019 a favor da entidade SÁRDOMA C.F. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SÁRDOMA C.F. conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol na categoría Segunda RFEF. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Segunda RFEF Feminina hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SÁRDOMA C.F. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.



Concello de Vigo

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscripción dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAS implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concrétanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao



Concello de Vigo

financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2023.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de dezasete anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W901993-5470 en data 28/04/2023 e co nº de doc. 230118470** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxugar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2023. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuosos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil "O Nogal" (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

5.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

6.- Publicidade: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS (Resolución 15/xuño/2020 publicada no BOE nº 175 o mércores 24/xuño/2020) no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2023**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2023.

2º.- Autorizar o gasto de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2023.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Educación, D. Gorka Gómez Díaz, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2023”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e tres

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Rúa da Nogueira nº 8, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 60872/332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural

e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindica o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademáis de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2023, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que



Concello de Vigo

promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

V.- *Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadruar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAs e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2023.*

VI.- *Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 60872/332.*

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- *A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*

3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAs de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.

4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.

5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.

6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.

7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.

8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65 euros** antes do 30 de setembro.
- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAs e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal "O Nogal" (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realízase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Concello de Vigo

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Cuarto.- *A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.*

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAs asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.493.136,00 euros (118.300,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS, 554.100,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 1.820.736,00 euros dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Sexto.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente



Concello de Vigo

convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.

Noveno.- *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Décimo.- *O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2023, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.*

Décimo primeiro.- *O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

Décimo segundo.- *Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, a Xefa do Servizo de Educación, un técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida polo concelleiro de Educación.*

En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2023, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e obradoiro matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería*

de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

Décimo cuarto- A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétimo.- Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2023”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial



Concello de Vigo

(BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo oitavo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

13(435).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 19977/77.

Visto o informe xurídico do 25/05/2023 e o informe de fiscalización do 30/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 13 de abril de 2023, a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación por **PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS.**

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego en data 13/04/2023.
- b) Orde de inicio de 13 de abril de 2023 da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 14 de abril de 2023, asinado pola técnica de xestión e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- d) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinada pola técnica de xestión e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 14/04/2023.
- e) Memoria económica do contrato asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en data 14/04/2023.
- f) Documentos contables de retención de crédito de 18/04/2023 (RC núm. Operación: 202300048037).
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 21 de abril de 2023, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación, de data 12 de maio de 2023.
- i) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 12 de maio de 2023, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, modificados, respectivamente, en datas 6 e 9 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 13 de abril de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.



Concello de Vigo

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19977-77) por procedemento aberto simplificado abreviado de SERVICIOS DE APOIO TÉCNICO Á XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 14 de abril de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de "SERVICIOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO".

3º.- Aprobar o gasto por importe de **21.199,55 €**, para a contratación de "SERVICIOS DE APOIO TÉCNICO Á XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279900 PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS (P. EMPREGO), dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(436).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS CONSOLACIÓN COIA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN 2023. EXPTE. 9722/335.

Visto o informe xurídico do 15/05/2023 e o informe de fiscalización do 31/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A presente Memoria elabórase de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con data da sede electrónica municipal de 10 de abril de 2023 , mediante docs. nº 230085360 e 230085363 a "Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia" (CIF G36633030)

presenta escrito de solicitude de subvención por interese xeral para o financiamento das Festas da Consolación de Coia de 2023, que terán lugar entre o 30 de Xuño e o 5 de Xullo de 2023 co fin de manter e potenciar a cultura e as tradicións populares con especial interese nas romarías tradicionais; por este motivo, o día 18 de Abril, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 36.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

As festas da Consolación de Coia naceron hai mais de 500 anos como unha romaría tradicional da parroquia de Coia.

Co paso dos anos, transfórmase na festa que é a día de hoxe, adaptada a todos os públicos, que enche de contido cada recuncho do barrio de Coia (con grupos de bailes rexionais, pasarrúas, charangas, bandas de música....) visitando todas as prazas e rúas do barrio, e incluso levándolle a festa a todos aqueles que non se poden achegar a elas como os usuarios de residencias de anciáns, centros de día ou centros de discapacitados tales como San Rafael ou San Francisco.

Seis días nos que a vida do barrio torna coa instalación de múltiples postos de gastronomía, artesanía, rosquilleiras e textil alimentación xunto con atraccións e ocio infantil, así como as verbenas amenizadas polas mellores orquestras de Galicia, ademais dos xa mencionados concertos das bandas de música e grupos folk, pop e gustos variados.

Dentro da especificidade desta festa atópase unha importante tirada de fogos pirotécnicos de destacada sona que congrega, por si só, a ducias de milleiros de persoas. É un elemento central e diferenciador desta festa respecto do resto das festas patronais e populares.

Todo isto entre o 30 de xuño e o 5 de xullo de 2023, para disfrute, libre e gratuíto, de toda a vecindade de Coia, da cidadanía de Vigo en xeral e de calquera punto de orixe dentro da comunidade galega.

O Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta viuse incluíndo a **Festa da Consolación de Coia** no programa "Vigo en Festas 2023" (expte. nº 9716-335), co obxecto de potenciar as tradicións e os costumes da nosa cidade.



Concello de Vigo

O Servizo de Festas do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade. O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Este expediente ten por obxecto a aprobación dun acordo para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. O acordo do que se trata é unha subvención de colaboración das que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o acordo será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Esta subvención incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o acordo persegue.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007. A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención

Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (CIF G36633030), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9722/335.

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da subvención e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada o Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas para asinar o citado acordo.

CCP/amg

PROGRAMA E ORZAMENTO:

Este ano 2023 as Festas da Consolación de Coia comencan o venres 30 de xuño e rematan o mércores 5 de xullo. A tirada tera lugar o sábado 1 xullo.

A memoria económica que se achega incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do acordo polo importe total de 102.300€, ive incluído.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36633030) deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións pola interese pública, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Se fundamenta esta subvención na especificidade e importancia dos fogos de pirotecnia desta Festa Popular, a marxe do “Programa de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2022”-2023, respecto **do cal resulta incompatible e excluínste** a presente subvención directa. Trátase dunha actividade desenvolvida dentro dunha festa patronal que alcance dimensión propia coma Festival Pirotécnico, congregando a ducias de milleiros de persoas, de todo Vigo e da contorna. Elo fai desta Festa da Consolación un caso único dentro das festas patronais que xenera unha especificade non contemplada nas bases do programa xeral.

A cantidade asignada para tal fin é de **36.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.489.0000** (Transferencias a entidades e Comisións de Festas) a favor da “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36633030). A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 apartados c) con carácter excepcional por razóns acreditadas de interese público para coadxuvar os gastos do desenvolvemento do Festival Pirotécnico.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Participación Cidadá e Festas e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 36.000,00€ (trinta e seis mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0000, autorizar e dispoñer o devandito gasto á “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36633030), para o financiamento do Festa da Consolación, organizado por esta entidade dentro do marco das Festas da Consolación de Coia 2023.

SEGUNDO.- A subvención rexerá en base aos seguintes PACTOS:

1º.- OBRIGAS DA ENTIDADE



Concello de Vigo

A “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36633030) comprométese a celebrar a gran tirada de fogos pirotécnicos o día 1 de xullo, dende a rotonda do Barco Alfageme, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto da subvención, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven desta subvención.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil que atende calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades que se achega ao expediente, a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente.

6º.- Deixar a zona de desenrolo da actividade que se utilice para o Festival en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

7º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

2º.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- - Conceder directamente á “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36633030), unha subvención por importe de 36.000,00 (trinta e seis mil euros) co

obxecto de axudar ao financiamento da organización do Festival Pirotécnico das Festas da Consolación de Coia 2023.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente subvención.

3º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se fundamenta esta subvención na especificidade e importancia da Festa da Consolación de Coia declarada de interese turística de Galicia, e á marxe do “programa de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais realizadas no ano 2023”, respecto **do cal resulta incompatible e excluínte** a presente subvención directa e non resultando beneficiaria na convocatoria do ano anterior.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

4º.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo desta subvención efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES53 2080 5464 2930 4010 2293 da entidade ABANCA e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

5º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

6º.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

7º.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.



Concello de Vigo

8º.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a “Sociedad Cultural Fiestas Consolación Coia” (G36690170), está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

9º.- A beneficiaria unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente subvención, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor,

obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

10º.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como estableceo artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemneto administrativo común das administracións públicas.

11º.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico da subvención.

12º.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que podan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

13º.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

14º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

15º.- A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación Cutural Festas da Consolación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

16º.- O mecanismo de seguimento da execución desta subvención establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

17º.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2023 e non será prorrogábel.

18º.- O concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posibeis controversias derivadas da execución e interpretación desta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

19º.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaría da subvención a que se refire e procedemento para a súa apreciación e imposición estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

20º.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio

cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito cultural, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

21º.- A actividade obxecto desta subvención está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Participación



Concello de Vigo

Cidadá e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

22º.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

23º.- A concesión da subvención obxecto do presente acordo rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta subvención ; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(437).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E A CONCELLERÍA DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9423/224.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 05/06/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Igualdade, a

concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 2 de outubro de 2019 o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron o convenio de colaboración para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero (CEMVI). (Expte 9423/224. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.09.2019).

Este convenio ten por obxecto regular a xestión e o mantemento do CEMVI establecendo o marco da colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo e definindo as achegas de cada unha das partes e as obrigas e compromisos que adquiren, de acordo sempre cos principios de atención de emerxencia, especializada e multidisciplinar.

O CEMVI, integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e á súa prole que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O Centro garante unha atención continuada ás usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

Mediante a sinatura do dito convenio, o Consorcio Galego comprometeuse a asumir a xestión integral do Centro facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento. O Consorcio Galego debe xestionar o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos e a súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) Garantir a acollida no CEMVI das mulleres vítimas de violencia de xénero e as persoas delas dependentes derivadas polo Concello de Vigo
- b) A selección, contratación e dirección do persoal
- c) Garantir o cumprimento do regulamento e normas de réxime interno de demais normativa vixente.
- d) A elaboración do proxecto de intervención coas mulleres aloxadas no dispositivo.
- e) Con carácter xeral, todas aquelas xestións que se deriven da cesión do uso do Centro.

O Concello de Vigo asumiu a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmovible, e o equipamento e mobiliario existente, así como o compromiso de contribuír cunha achega anual de 241.000,00 €, segundo o estipulado na cláusula oitava do convenio.

Na cláusula décimo cuarta do convenio aprobado, e de conformidade co establecido no artigo 49h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), establécese a duración deste convenio en catro anos comezando a súa vixencia dende a sinatura polas partes. Así mesmo, a dita cláusula establece que o convenio poderá prorrogarse por catro anos máis, sen que a súa duración total poida superar o prazo máximo de oito anos. Cada unha das prórrogas será por un período dun ano de duración e precisarán do acordo previo das partes e a aprobación da Xunta de Goberno Local antes da finalización da vixencia do Convenio.



Concello de Vigo

En base ao anterior, e dado que a finalización dos catro anos de vixencia do convenio aprobado polas partes finaliza o 1 de outubro de 2023, en data 16.05.2023 solicitouse ao Consorcio Galego que comunicase ao Concello de Vigo a súa desconformidade ou conformidade coa continuidade do convenio durante un ano de prórroga.

Mediante escrito de data 22.05.2023, con entrada no Rexistro Municipal nesa mesma data e con nº de documento: 230143839, (anexado a este expediente) a xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comunica a súa conformidade coa continuidade do convenio.

A teor do exposto, este servizo xestor valora procedente tramitar e propoñer a aprobación dunha prórroga do convenio que comprenderá o seguinte período: dende o 2 de outubro de 2023 ata o 1 de outubro de 2024 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do convenio durante o período de vixencia da prórroga é necesario comprometer o importe total de 241.000,00 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2024 da concellería de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o presente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2024.

Normativa de aplicación:

Competencias da Administración local:

- A **Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local** no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúelles aos municipios a seguinte competencia: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- A **Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público** no seu capítulo VI regula os convenios adoptados polas Administracións Públicas.
- A **Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013**, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Dereitos das vítimas e normativa de igualdade e violencia de xénero:

Nivel internacional:

- O **Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia doméstica, asinado en 2011** (Convenio de Estambul), vinculante para España desde 2014, establece a obriga ás partes de establecer medidas e servizos de apoio especializados inmediatos a curto e a longo prazo, entre eles o asesoramento psicolóxico, o asesoramento xurídico, a asistencia financeira, os servizos de aloxamento, asistencia financeira, educación, formación e asistencia para a busca de emprego (artigo 20).

Nivel estatal:

- A **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21,

imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

- A **Lei orgánica 1/2004, de 28 de novembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero**, no seu artigo 1 inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia as mulleres, a seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. Comprende tamén a violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus/súas familiares ou achegados/as menores de idade. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, incluídos os servizos de acollemento, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

- A **Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral a infancia e a adolescencia fronte a a violencia**, no seu artigo 29, establece a obriga das administracións públicas de prestar especial atención á protección do interese superior dos nenos, nenas e adolescentes que conviven en entornos familiares marcados pola violencia de xénero, garantindo a detección destes casos e a súa resposta específica, que garanta a plena protección dos seus dereitos. Estipula que as administracións publicas garantirán o apoio necesario para que as nenas, os nenos e adolescentes, de cara á súa protección, atención especializada e recuperación, permanezan coa muller, salvo se isto é contrario ao seu interese superior.

- A **Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, modifica determinados artigos da Lei 1/2004 co obxectivo de dar cumprimento ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O seu artigo 33 establece o dereito á asistencia social integral especializada e accesible para as vítimas de violencia sexual.

- O **Pacto de Estado contra a violencia de xénero** aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017, fai fincapé na necesidade de atención das e dos menores vítimas da violencia de xénero no seu eixo 2: *mellora da resposta institucional e traballo en rede*. En especial, a medida 74: *Elaborar propostas para mellorar o apoio social, educativo, formación e inserción laboral, e tamén sobre a necesidade de articular axudas, incluso económicas por carecer de recursos, ou a prioridade para acceder a casas de acollida ou pisos tutelados, vivendas públicas ou residencias de maiores*.

- O **Catálogo de Medidas Urxentes do Plan de Mellora e Modernización contra a violencia de xénero**, aprobado no Acordo do Consello de Ministros/as de 27 de xullo de 2021 (Resolución de 28 de xullo de 2021, da Subsecretaría), establece como obxectivo fortalecer o acceso próximo ás medidas de autonomía económica e o acceso a vivenda das vítimas e de seus fillos e fillas, con independencia da denuncia.

- A **Resolución de 9 de xuño de 2015**, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o **protocolo de derivación entre centros de acollida** para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Nivel autonómico

- A **Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para o tratamento integral da violencia de xénero**, establece medidas para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio as mulleres que a sofren, así como a súas fillas e fillos e persoas dependentes dela. Inclúe dentro do concepto de violencia de xénero a



Concello de Vigo

violencia vicaria, incluíndo a violencia física, psicolóxica, sexual, económica, acoso sexual, trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, dixital e a explotación sexual. Ademais, os servizos do sistema de protección e asistencia integral serán de titularidade pública, municipal o autonómica, correspondéndolle a súa coordinación e supervisión á Administración da Xunta de Galicia. No seu artigo 48 establece a Rede galega de Acollemento, como recurso residencial temporal, garantindo un tratamento integral de atención e/ou recuperación que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

- A prioridade de actuación 8.3 do **Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, consiste en *asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero*. En concreto: 8.3.2 *Mellora dos recursos de asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo e garantía do seu acceso en contextos de emerxencia social (servizos de emerxencia, acollemento residencial, asistencia psicolóxica e xurídica, programas de inclusión sociolaboral etc.)* 8.3.7 *Promoción de accións de colaboración con administracións, institucións e organizacións da sociedade civil para a mellora da coordinación e a atención ás vítimas de violencia de xénero*.

Acreditación de centros:

- A **Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia**, define os centros de acollida como servizos sociais comunitarios específicos (artigo 12 e 13), e atribúe aos concellos a competencia para a súa creación e xestión (artigo 60).

- A **Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos**.

- O **Decreto 254/2011 do 23 de decembro, polo que se regula ou réxime de rexistro autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia** ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais.

Normativa municipal:

- O **IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo**, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: 4.A. *Garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*. Entre as actuacións a poñer en marcha: 4.A.9. *Potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.

- **Resolucións de Alcaldía** de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificada polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, que establece as competencias que en materia de igualdade e promoción das mulleres ten delegadas a Concellería de Igualdade, que son:

Representar ao Concello de Vigo diante do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento da coordinación e xestión que ese organismo realiza do centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo; Cooperar con outras administracións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade; Promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero, que abrangue desde o 2 de outubro de 2023 ata o 1 de outubro de 2024 (ambos incluídos).

2º.- Aprobar o gasto de 241.000,00 € para facer fronte ao pago da primeira prórroga do convenio. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “*Convenio Cons. Galego Igual. B.S Centro Emerxencia*” 2311 4539000 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2024 da concellería de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro da Concellería de igualdade desglosado do seguinte xeito: 60.086,02 € para o vixente exercicio económico e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2024.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(438).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN "AS DA BOUZA" CONTRA A DENEGACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO 2022. EXPTE. 10925/320.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con Rexistro electrónico de entrada de data 05/06/22 (CÓD. SOLICITUDE: W704514-8774) e posteriores achegas de documentación, a entidade AS DA BOUZA solicita concorrer á concesión da subvención para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2022, e achega os anexos de solicitude correspondentes.



Concello de Vigo

II. No Anexo I “*Solicitud*”, no seu apartado 5 “*Datos do Rexistro Municipal de Asociacións*”, indican que a súa entidade figura no devandito Rexistro co número 1403-22.

III. Na tramitación do expediente núm. 10726/320 correspondente á solicitude, compróbase que no Rexistro Municipal de Asociacións a entidade figura inscrita co número 1403-22 no epígrafe 10.4 “*Animación sociocultural e dinamización comunitaria*”.

Con data 10 de outubro de 2022 notifícaselle o acordado pola Xunta de Goberno Local (6.10.2022), en relación ao procedemento de “*Outorgamento de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2022*” no que se propón a DESESTIMACIÓN da entidade, que non reúne os requisitos para obter a condición de beneficiaria, é dicir, entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións e que operen no movemento veciñal.

IV. Con data 8 de novembro de 2022 (CÓD. SOLICITUDE: W790216-1795) a entidade AS DA BOUZA, dentro prazo legalmente outorgado, interpón recurso de reposición contra a denegación da subvención .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Regulamento de Participación Cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/1992
- Decreto de Delegacións da Alcaldía-Presidencia en concelleiros-delegados de data 17 de agosto de 2020.

I II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola entidade interesada, que manifesta o seguinte:

- Que “*a asociación constituíse o 26 de febreiro de 2021, dende o comezo fixemos actividades de diversas índoles, culturais, veciñas, animacións, tradicionais....Na orde ademais de por os epígrafes 10.1 e 10.5 tamén di na BASE PRIMEIRA apartado c):*

“*• Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.*

• *Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.*

• *Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociación.*

• *Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.*

• *Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.*

- *Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.*
- *Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*
- *Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*
- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación”.*

- *Que “cumprindo a maioría destes puntos nas nosas actividades (poden comprobalo nas solicitudes de eventos solicitados o concello). Cumprimos tamén tódolos requisitos agás estar inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5, encontrándonos por erro no 10.4.”*

- *Que con data 19/10/22 solicitaron o cambio de epígrafe por rexistro dixital do concello, despois de coñecer a desestimación da subvención e comprobar que “non estabamos ben inscritas no rexistro do concello, xa que consideramos que o epígrafe correcto para nós, coas actividades que facemos e de acordo cos nosos estatutos é o 10.1 porque facemos actividades sociais, culturais, tradicionais, igualdade... en resumo actividades para dinamizar o barrio e a participación da veciñanza.”*

- *Que se reconsidere a resolución desestimatoria e nos concedan a subvención solicitada para a compra investimentos e así poder seguir facendo actividades veciñais no barrio de Coia.*

En resposta ás alegacións achegadas nas que, en síntese, a entidade expón que *se reconsidere a resolución desestimatoria e se conceda a subvención solicitada por cumprir a maioría dos puntos da BASE PRIMEIRA apartado c) das Bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2022 e cumprir tamén tódolos requisitos agás estar inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5, cómpre informar que:*

· Consultado o expediente 10197/320 de solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións da entidade AS DA BOUZA, consta resolución asinada o 19-01-2022 polo concelleiro de Participación Cidadá e Festas, de inscrición no epígrafe 10.4 do Rexistro Municipal de Asociacións, dacordo co solicitado expresamente pola propia entidade segundo rexistro electrónico de data 05-07-2021.

· De conformidade co disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (Requisitos dos Solicitantes) e 7ª (Desestimación das Solicitudes) da norma reguladora das subvencións, a asociación AS DA BOUZA, non é unha entidade que cumpra os requisitos segundo o disposto nas devanditas bases reguladoras da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións para fomento do asociacionismo e a participación para obter a condición de beneficiaria.

De acordo co anteriormente referido, o recurso de reposición interposto non pode ser estimado ao non ter achegado alegacións que desvirtúen os argumentos que serviron de base para motivar a resolución desestimatoria da súa solicitude, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (Requisitos dos Solicitantes) e 7ª (Desestimación das Solicitudes) da norma reguladora das subvencións, toda vez que a asociación AS DA BOUZA, non é unha entidade que cumpra os requisitos segundo o disposto nas devanditas bases para obter a condición de beneficiaria.

III. Órgano competente:

O órgano competente para resolver o presente procedemento é a Xunta de Goberno Local.

De conformidade co anteriormente exposto e, en virtude do establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, R.D. 2568/1986 do 28 de novembro de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, Regulamento de participación cidadá aprobado polo Concello de Vigo en Pleno de data 26/03/1992 e a Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formúlase á Xunta de Goberno Local, a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta, o recurso de reposición interposto contra a resolución desestimatoria do outorgamento da subvención á asociación AS DA BOUZA, ao non ter achegado alegacións que desvirtúen os argumentos que serviron de base para motivar a resolución desestimatoria da súa solicitude, segundo o disposto nas bases 1ª.d) (beneficiarias das subvencións), 2ª (Requisitos dos Solicitantes) e 7ª (Desestimación das Solicitudes) da norma reguladora das subvencións, toda vez que a asociación AS DA BOUZA, non é unha entidade que cumpra os requisitos segundo o disposto nas devanditas bases para obter a condición de beneficiaria.

SEGUNDO: Notificar a presente resolución á interesada facendo constar que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(439).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2023". EXPTE. 11183/320.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/2023, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/2023, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 14 de abril de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de "Bases reguladores das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2023".

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades. Estas axudas tamén permiten atender necesidades como a adquisición de material informático e audiovisual para a adaptación e implantación das novas tecnoloxías nas actividades asociativas, así como, a adecuación dos locais sociais ás novas condicións de seguridade e accesibilidade.

1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá,

co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, **os realizados dende o 1 de novembro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.**

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- **Programa I:** Gastos de mantemento e funcionamento das entidades veciñais
- **Programa II:** Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas
- **Programa III:** Gastos en investimento. Equipamento.
- **Programa IV:** Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos. Para dar cumprimento a este requisito, a persoa que ostente o cargo de secretario/a deberá achegar unha certificación nos que se contemplan estes términos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (“Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles”).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES



Concello de Vigo

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- **Subministrados:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestión ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Comisións bancarias:** nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do proxecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- **Material fungible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación:** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.***

**No caso de que o importe de gastos directos finalmente xustificadas presentado no Anexo VIII sexa inferior ao do Anexo III, o importe subvencionable do gasto de persoal verase reducido proporcionalmente, conforme ao establecido na base 14.*

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base impositiva + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...

- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **415.000,00 € (catrocentos quince mil euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **7.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 165.000 € (cento sesenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto **non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100%** do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCiónS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Participación Cidadá



Concello de Vigo

e Festas, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SEXTA.- SOLICITUDE, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, previa ponderación das solicitudes recibidas e tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

b) **Representatividade e área de influencia**.- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) **Capacidade económica**, suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o orzamento de gastos do ano anterior (2022): Ata 5 puntos

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.
- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

e) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas: Ata 25 puntos
- Mellora da accesibilidade, cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

f) **Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
- Experiencia, traxectoria e participación en outros programas municipais: Ata 10 puntos

g) **Xustificación das subvencións.**- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas. Calculase tendo en conta a calidade da xustificación presentada e, se os proxectos subvencionados xustificáronse ao 100 % ou aplicóuselle algunha redución proporcional.

OITAVA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.



Concello de Vigo

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local ou persoa que a substitúa, e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Nóna.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítiranse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo

no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XIII**, aprobado con estas bases.

NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de setembro de 2023**. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

As entidades beneficiarias deberán remitir necesariamente os correspondentes anexos e documentación asinados electronicamente polo representante legal da entidade.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública. **Os criterios para verificar que os gastos son subvencionables serán que a data da factura ou documento xustificativo que se presente debe atoparse dentro do período subvencionable; considerando gasto realizado, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.**

En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.**

Excepcionalmente, admitirase a presentación de pagos en efectivo nos Programa I e III, pero sempre respectando os seguintes límites:

- **Programa I. Gastos de Mantemento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 50 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**
- **Programa III. Gastos en equipamento: se admitirán pagos individualizados por importe máximo de 250 € e ata o límite total de 500 € polo conxunto de ditos pagos.**

Para xustificar este tipo de pagos, achegarase un recibo no que conste que o emisor/proveedor recibiu o importe, con identificación da factura que lle corresponda, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto se deixe constancia de que se recibiu o importe debido e a data de dita transición.

Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento e funcionamento), IX (mantemento entidades que carezan de local municipal) X (equipamento) e XI (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XII: "Memoria de actividades".

DÉCIMA.- ABOAMENTO



Concello de Vigo

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno,

publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE 00/00/2023, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2023.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- OBXECTO

A convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas, do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, os realizados dende o **1 de novembro de 2022 ata a data de finalización do prazo de xustificación 30 de setembro de 2023.**

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

1- Programa I: “Gastos de mantemento”: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:



Concello de Vigo

- **Subministros:** auga, electricidade, gas, calefacción-climatización, teléfono, hosting e servizos web, mantemento de equipos informáticos...
- **Servizos xerais:** alarma, extintor, limpeza, prensa, xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación...
- **Seguros:** seguros de responsabilidade civil que cubra os danos que se poidan causar a terceiros, seguros de accidentes e enfermidades derivadas directamente do exercicio da actividade que desenvolven as persoas voluntarias nas entidades, seguros específicos para os participantes en actividades concretas (campamentos, probas deportivas...) organizadas polas entidades...
- **Taxas:** lixo industrial, comercial e profesional; Licenza de entrada de vehículos (vados)...
- **Comisións bancarias:** nas que incorra a entidade beneficiaria para a realización do proxecto subvencionado sempre que estean directamente relacionados ca actividade subvencionada e resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- **Material funxible:** consumibles, correos, imprenta-copias, material oficina...
- **Reparación de pequenas avarías e labores de conservación:** avarías, carpintería-aluminio, electricidade, ferretería...
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os **custes totais do persoal contratado nos que incorre a entidade para a xestión, mantemento, e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.***

**No caso de que o importe de gastos directos finalmente xustificadas presentado no Anexo VIII sexa inferior ao do Anexo III, o importe subvencionable do gasto de persoal verase reducido proporcionalmente, conforme ao establecido na base 14.*

2- II: “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas”: unicamente poderán optar a este programa aquelas entidades que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública para a que teñan que dispoñer dun local para poder realizala e que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas. Serán obxecto de subvención, exclusivamente, os gastos derivados do arrendamento de local (base imponible + IVE) e os gastos derivados do Imposto de Bens Inmóbiles (IBI) cando ditos gastos resulten estritamente necesarios para poder realizar a actividade subvencionada referida.

3- Programa III :“Gastos en investimento: equipamento”: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens móbiles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- **Material informático:** equipos informáticos, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- **Material audiovisual:** proxector, cámaras de fotos/vídeo, equipos de son, luz....
- **Mobiliario de oficina e similares:** mesas, cadeiras, estanterías, armarios, radiadores...
- **Material para actividades:** material deportivo, menaxe, bricolaxe, carpas...
- **Outro** tipo de equipamento inventariable a especificar por cada entidade.

4- Programa IV: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmóbiles”:

- Adquisición, **obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmóbiles e instalacións sociocomunitarias**, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en

régime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.

- **Obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares.**
- Poderán incluírse, como **gastos indirectos**, ata un máximo dun 20% do orzamento presentado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesma.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **415.000,00 € (catrocentos quince mil euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programas I e II: 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto, non poderá superar, en ningún caso, o límite de **7.000 € no Programa I e 4.000 € para o Programa II.**

2.- Programas III e IV: 165.000 € (cento sesenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto **non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €, agás no caso de obras destinadas a mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e similares que poderán acadar o 100%** do custe total do proxecto, cun límite, en todo caso, de 19.000 €.

QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas



Concello de Vigo

electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

18(440).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR EXECUCIÓN DUN PROGRAMA TEMPORAL NA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE.. 41883/220.

Visto o informe de fiscalización de data 02/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 01/06/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 09/02/2023 tivo entrada a través do rexistro electrónico solicitude presentada por M. Míguez De Francisco con DNI ***9797** (documento 230039908 e código de solicitude W865102-7621) renunciando, con efectos do 14/02/2023, ao seu nomeamento interino como administrativa/o de administración xeral para a execución do programa de carácter temporal "*Programa de modernización interna e mellora na xestión da área de RRHH e Formación*" (Acordo da XGL do 20/08/2021, exppte. 38.060/220)

II.- En data 03/03/2023, pola Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación se solicita, previa a tramitación administrativa procedente, a incorporación dun efectivo de idéntica categoría profesional, para garantir a consecución dos obxectivos asignados a dito programa.

III.- En data 03/03/2023, a concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, dispuxo "*ordenar que a Área de Recursos Humanos e Formación tramite o expediente administrativo para que, polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender a solicitude de persoal formulada, na modalidade que corresponda*".

IV.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 31/05/2023, existen candidatas/os en condicións de ser nomeadas/os na categoría de administrativa/o de administración xeral por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

V.- Consta no expediente informe técnico, de data 31/03/2023, da cuantificación económica do gasto asociado ao nomeamento interino dun/unha administrativo/a para a execución de programa de carácter temporal(artigo 10.1, letra c) do TREBEP).

En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:



Concello de Vigo

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por ejecución de programas de carácter temporal:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa *“la ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto”* (letra c) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **neste caso ao remate do programa temporal, que acontecerá a data de finalización do nomeamento 30/11/2023, sen dereito a compensación algunha.**

Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por execución de programa temporal, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 16 de marzo de 2023 (BOPPO nº 93 de 16 de maio de 2023); referencia que, no presente suposto tómase conforme ao posto de traballo de administrativa/o (código retributivo 105).

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

mesmo realizan funcións específicas e distintas as de técnico de administración xeral. A especial responsabilidade do posto radica nas funcións atribuídas en materia de asesoramento á Alcaldía, a Xunta de Goberno, Concellerías delegadas e órganos directivos. A especial confianza ven determinada pola atribución ao posto de funcións que implican un asesoramento cualificado ao órganos superiores da administración municipal que require contar cunha especial confianza de dita persona, coa que ha de mantense un contacto profesional permanente e estreito no exercicio das funcións. Así mesmo se fundamenta exercicio das funcións de asesoramento ao órgano inmediato superior (alcaldía/concellería delegada) debido a que vai permitir que as mesmas se desenvolvan dende unha perspectiva xurídica pero tamén valorando aspectos de oportunidade e conveniencia esenciais na toma de decisións porque permite a consideración de todos os factores que inciden na determine a fixación de criterios que vinculan as unidades administrativas e a defensa en xuízo. A especial responsabilidade do posto por razón das funcións que ten que desenvolver, de asesoramento e defensa en xuízo, esixíndose un grao extremo de confidencialidade respecto da información reservada municipal que poida ter que coñecer con motivo da súa intervención profesional, en cumprimento asimesmo do disposto no artigo 42 do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da Abogacía. Así mesmo a persoa titular do posto ten unha especial posición dentro da organización administrativa xa depende directamente dun órgano superior polo que no exercicio das súas funcións manexa datos e información de carácter interno que en moitas ocasións ten carácter restrinxido e reservado. A natureza das funcións, o grao de competencia e a responsabilidade que esixe o seu desempeño determinan a necesidade de contar con persoal funcionario de total confianza e implicación nas funcións ecomnedadas a asesoría xurídica. A titulación esixida será de licenciado/a en dereito ou grao e master equivalente. Así mesmo na rpt actual está previsto a súa provisión mediante o sistema de libre designación e logo da súa convocatoria pública un posto de traballo foi provisto definitivamente”.

- O procedemento de libre designación é expresión da potestade discrecional de nomeamento de funcionarios/as para os postos de traballo que teñen prevista, como forma de provisión, a libre designación, consonte ao marco legal vixente, correspondendo o exercicio das potestades discrecionais aos órganos municipais e en modo algún aos funcionarios públicos (artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público); nomeamento que, consonte ás Bases, deberá ser en todo caso motivado, dada a necesidade de axuste do exercicio das potestades discrecionais aos principios constitucionais recollidos nos artigos 9.3 e 103 da vixente Constitución de 1978.

- Consta exame de idoneidade das persoas candidatas mediante informe do letrado especialista de data 12/05/23, o cal se incorpora á presente proposta de conformidade co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas sen prexuízo das especialidades establecidas no marco da normativa aplicable en materia de función pública de conformidade coa fundamentación xurídica da presente proposta.

(...)

“TERCEIRO. *Atendendo á dualidade de funcións e cometidos que na actualidade, e a reservas das diferentes novas funcións que atribúen diferentes normas de rango legal e procesual dende a reorganización aprobada no ano 2016, tanto para a Área de Asesoramento Xurídico como para a Área Xudicial, que ten que desenvolver a persoa que*



Concello de Vigo

preste funcións no posto convocado finalmente proposta para nomeamento, considérase axeitado ao posto un perfil que conte con experiencia e formación especializada e suficiente.

Cómpre lembrar que os postos da Asesoría Xurídica no Concello de Vigo se relacionan con prazas de Técnico/a de Administración Xeral. O art. 129 da Lei 7/1985 non se desenvolveu, e tampouco polo lexislador autonómico galego. No Concello de Vigo non se aprobou un regulamento deste órgano, e tampouco a súa escala é exclusivamente de Administración Especial.

A especialización e formación antes referida o debe ser, por unha banda, con relación á multiplicidade de expedientes que requiren informe preceptivo en materia de contratación, subvencións e asesoramento xurídico complexo en asuntos xerais, así como a asistencia xurídica a órganos colexiados, mesas de contratación e semellantes.

No tocante á vertente procesual, se considera axeitada a persoa que reúna igualmente formación suficiente e experiencia na representación e defensa dun Concello perante os órganos xudiciais, especialmente na Orde Contencioso-administrativa en asuntos moi heteroxéneos, e en menor medida na xurisdicción Social e Civil, así como perante outros órganos especiais. Incluindo as fases iniciais e preparatorias dos asuntos, a resolución de incidencias paralelas ao curso do asunto, e o asesoramento na fase de execución das sentenzas.

CUARTO. *A idoneidade solicitada que se informe debe ter presente, en calquera caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade, non inaplicados polo feito de que o modo de provisión sexa o da libre designación. Pero ao non tratarse dun concurso, p.ex., nin constar nas bases modo algún de valorar tales méritos, e conforme á doutrina do TS anteriormente invocada, se realizará de modo integrado tal valoración da idoneidade, sen preferencia por ningún concreto dos que consten nos documentos presentados (antigüidade sobre experiencia, nin formación sobre antigüidade, formación sobre experiencia, etc.).*

A) B. DOMINGUEZ PEREIRA

Esta solicitante presentou a súa documentación, da que resulta:

1.- Experiencia profesional:

- Servizos como asesora xurídica da empresa m. T. (Febreiro 1999 a decembro 2002). Sociedade non pertencente ao Sector Público.

- Servizos como xuíza substituta e maxistrada suplente durante 4 anos, 6 meses e 28 días (anos 2003-2012).

Segundo o art. 135.1 do Regulamento 1/1995 da Carreira Xudicial, os nomeamentos se poderán efectuar para todas, varias ou unha soa orde xurisdiccional, entendéndose que se nomean para todas elas cando non se efectúe ningunha especificación no seu nomeamento. No art. 130 desta mesma norma se recolle que os maxistrados suplentes e xuíces substitutos exercen funcións xurisdiccionais sen pertencer á Carreira Xudicial e sen carácter de profesionalidade, con inamovibilidade temporal.

Nomeadamente, non se acredita por medio de documental a proporción no exercicio na Orde contencioso-administrativa, polo que se descoñece a experiencia neste eido e non se pode considerar probada.

- *Funcións como Técnico de Administración Xeral (TAX) no Concello de Vigo na area de Área de Recursos Humanos e Formación, cunha antigüidade de 6 anos, 1 mes e 3 días (proposta de nomeamento AXGL 30/12/2016).*

Desenvolvemento das funcións propias da praza de TAX cun alto nivel de especialización en materia de recursos humanos.

2.- A formación teórica complementaria que recolle no currículo é completa, e comprende o curso de doutoramento: “Nuevas orientaciones del Derecho Público ante la U.E.(2003-2005)”, con indicación de que obtivo a Suficiencia investigadora, así como outros cursos superados sobre coñecementos xerais e transversais para empregados/as públicos/as, na súa maioría en materia de recursos humanos, acreditando un nivel moi elevado de especialización.

Tamén achega acreditación de cursos de lingua galega (destaca o de linguaxe xurídica media).

Ademais acredita a impartición de cursos como formadora.

B) E. ARES SALGADO

Esta solicitante presenta a súa documentación, da que resulta:

1. Experiencia profesional:

-Servizos como persoal laboral, licenciada en dereito, no Concello de Gondomar, cunha antigüidade de 1 ano e 6 meses (2003-2005).

-Servizos como Técnica de administración Xeral do Concello de Gondomar como Coordinadora do servizo administrativo de Urbanismo e Medio Ambiente. Antigüidade 12 anos e 5 meses (2005 a 2017 e 2019, durante dous meses).

-Sendo nomeada nese Concello de Gondomar en diferentes períodos secretaria accidental e tamén interventora accidental, conforme acredita (2005-2017).

-Servizos como Técnica de Administración xeral da XMU do Concello de Vigo nos Servizos Centrais deste Organismo (funcións esencialmente en materia de contratación e persoal) e na Oficina de Vivenda e Xestión do Solo; durante 2 anos e 6 meses (comisión de servizos), máis 1 ano, 9 meses e 17 días (interina), no período comprendido entre o ano 2017 ao 2021.

-Servizos como letrada/asesora xurídica da Asesoría Municipal do Concello de Vigo (comisión de servizos) durante 9 meses e 13 días (a partires de setembro do 2021)

-Servizos como técnica de Administración Xeral na Área de Recursos Humanos e Formación, figurando adscrita ao Servizo Asesoría Xurídica, co mesmo posto e categoría desde o 12/09/2022 ata a actualidade, con funcións de asesoramento xurídico e representación e defensa en xuízo.



Concello de Vigo

2.- Canto á formación acredita igual que a anterior aspirante múltiples cursos de formación e perfeccionamento, entre eles o Curso Superior de Técnico de Urbanismo (350 h) da EGAP e outros sobre variadas e específicas materias.

Tamén acredita cursos de lingua galega (nesta aspirante destaca o de linguaxe administrativa de nivel superior), e tamén en lingua inglesa e italiana.

Ademais acredita a impartición de cursos como formadora.

Revisada pois, a documentación presentada polas dúas persoas solicitantes e admitidas, e consonte ao exame dos currículos cos méritos e experiencia de cada unha delas, **considérase como perfil máis axeitado e completo o de E. Ares Salgado** polas razóns seguintes:

Esta aspirante é a que maior experiencia presenta na prestación de servizos nunha Administración Local, desenvolvendo ao longo da súa traxectoria múltiples e variados cometidos dende o punto de vista da xestión, tanto nos municipios sometidos ao réxime común como nos do Título X da Lei 7/1985, no organismo autónomo tamén especializado do Concello de Vigo en urbanismo. Da súa experiencia é incuestionable que resulta un coñecemento relevante e acreditado para as labores propias das dúas áreas funcionais da Asesoría Xurídica.

Por un lado, conta con experiencia na tramitación e emisión de informes en expedientes de contratación e como vogal da mesa de contratación; asesoramento xurídico, tramitación e informes en materias de diversa índole, incluíndo as urbanísticas, medioambientais, contractuais, tributarias, emprego público, subvencións, e a substitución de Habilitados Nacionais.

No Concello de Gondomar se acredita que non exerceu funcións como TAX-base, senón como técnica coordinadora de servizos administrativos durante doce anos, o que engadido aos períodos nos que substituíu ao persoal Habilitado Nacional como secretaria ou interventora, comporta un nivel superior de responsabilidade nas funcións de asesoramento xurídico interdisciplinar en diversas materias que os dun TAX sen asignacións específicas ou adscrito a un servizo en concreto.

En materia urbanística dispón dunha ampla e valiosa experiencia, tratándose dunha materia complexa e que representa unha porcentaxe constante de procedementos contencioso-administrativos. Outro tanto no plano do asesoramento xurídico con respecto á contratación, tanto na vertente da redacción de informes como na asistencia á mesa de contratación, e tamén cos procedementos administrativos de outorgamento de subvencións.

Por outro lado, ademais de desenvolver tarefas de seguemento e xestión dos recursos contencioso-administrativos interpostos por terceiros ao longo da súa traxectoria, exerceu xa no Concello de Vigo as funcións propias de representación e defensa municipal, polo que en caso de propoñer o seu nomeamento e incorporación, non é precisa formación adicional inicial.

A súa formación interdisciplinar e a ampla experiencia ao servizo da Administración Pública municipal sobre diversas áreas de coñecemento nas que a Asesoría Xurídica ten funcións tanto de asesoramento como xurisdicionais é un dos elementos determinantes para a maior idoneidade desta persoa sobre a outra.

As dúas aspirantes acreditan experiencia no Sector Público, se ben a diferenza é meirande en favor de E. Ares Salgado, quen acredita unha antigüidade superior aos dezaioito anos fronte aos seis anos de B. Dominguez Pereira, e dentro deses períodos, o exercicio de funcións máis cualificadas de asesoramento xurídico.

A maior antigüidade e experiencia no Sector Público desta aspirante comporta unha meirande de experiencia obxectiva, acreditada non obstante coa información que resulta do exercicio desas funcións, e comparativamente os seus méritos resultan suficientes e equilibrados para a realización das funcións tanto dunha área da Asesoría Xurídica como as da outra.

Da comparativa resulta unha ampla e suficiente formación dunha e doutra aspirante, polo que este factor, relevante de seu, non é o esencial neste procedemento, xa que a formación xeral é común ás dúas, e a especializada é meirande en materia urbanística para E. Ares Salgado e en recursos humanos para B. Dominguez Pereira.

No relativo á práctica procesual, a condición de xuíza substituta e maxistrada suplente de B. Dominguez Pereira acréditase con documentación que recolle o exercicio durante catro anos e medio de exercicio ao longo dun período de nove anos, se ben se descoñece en que especialidade procesual exerceu durante máis tempo. E. Ares Salgado acredita o exercicio desta práctica durante dous períodos neste órgano, primeiro no tempo que durou a comisión de servizos e ininterrompidamente tamén trala adscrición á Asesoría Xurídica. Por outra banda, hai máis de dez anos que B. Dominguez Pereira carece de práctica procesual segundo a documentación aportada, e a de E. Ares Salgado é recente e continua dende o seu nomeamento en comisión de servizos no ano 2021.

As funcións de representación e defensa dunha Administración municipal non se reducen só á estrita práctica forense, senón que requiren uns traballos e cometidos previos, paralelos á tramitación de cada preito, e posteriores, para os que acredita suficiente e superior capacidade co seu exercicio previo no Concello de Gondomar E. Ares Salgado, completando tal práctica neste órgano do Concello de Vigo dende o seu nomeamento en comisión de servizos primeiro, e adscrición provisional despois.

Precisamente polo anterior, os postos de Letrado/a asesor/a xurídico/a, gardan unha maior relación e intensidade coas funcións e materias de asesoramento xurídico que de estrita práctica procesual, máxime cando o seu ámbito de actuación é a Xurisdicción Contencioso-administrativa, que comporta o manexo de regras procesuais con maior interdependencia coas funcións de tramitación administrativa que outras ordes xurisdiccionais. Sexa o obxecto de recurso unha resolución expresa, presunta, inactividade ou vía de feito.

Por isto, dende a perspectiva da praza de TAX con funcións cualificadas de asesoramento xurídico á que se asocia ese posto de Letrado/a asesor/a xurídico/a, a experiencia temporal e en número e tipo de procedementos de diferente natureza de E. Ares Salgado é meirande que a de B. Dominguez Pereira, quen acredita como ámbito de exercicio das funcións de TAX o de recursos humanos. Polo que a competencia nas funcións propias deste posto de asesoramento xurídico é superior no caso de E. Ares Salgado, ao partir da base dun probado exercicio nas de TAX en materias moi heteroxéneas, e de que os postos de TAX foron de coordinación de servizos administrativos no Concello de Gondomar, en varios servizos na XMU do Concello de Vigo, e na Asesoría Xurídica no Concello de Vigo. Ao que lle engade



Concello de Vigo

valor o coñecemento das materias complexas propias de contratación pública, subvencións e urbanismo, entre outras.

Sen menoscabo das elevadas capacidades das dúas aspirantes, estímase que a maior competencia para o desenvolvemento das funcións e cometidos do posto convocado hai que recoñecela en favor de E. Ares Salgado.

A vista do informe "ut supra" de data 12/05/23, que se incorpora á presente proposta de conformidade co establecido no artigo 88.6 da Lei 39/15, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sen prexuízo das especialidades establecidas no marco da normativa aplicable, propónse a adxudicación do posto Letrado/a Asesor/a Xurídico/a a d^a. E. Ares Salgado.

IV.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no R.D Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local; dado que, resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal. O artigo 214 R.D Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que:

Ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora.

1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.*

V.- PROCEDIMIENTO.

O procedemento de desenvolvemento do procedemento de libre designación rexeráse polo establecido nas bases da convocatoria e no marco normativo de aplicación relacionado nos Fundamentos Xurídicos da presente proposta.

VI.- COMPETENCIA.

O órgano competente para adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

En base ao exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adxudicar a d^a E. Ares Salgado con DNI **. **15663** *** o posto de Letrada Asesora Xurídica, adscrito a Asesoría xurídica, con referencia de posto na RPT: 1110105.

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(445).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS. EXPTE. 1607/441.

Visto o informe xurídico do 12/05/2023 e o informe de fiscalización do 02/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral- xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 15.12.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 20.12.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29.12.2022 aprobou o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento



Concello de Vigo

base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.288.537,25 €), con data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 15 de decembro de 2022. (Expte. 5667-443).

II.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 29.12.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.667-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal, con data outubro de 2022 e asinado dixitalmente en data 15 de decembro de 2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 15.02.2023
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16.02.2023.
- D) Memoria económica asinada polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29.03.2023.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 01.04.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 17.04.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 17-18 de abril de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 09.05.2023
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 09.05.2023

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun

procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.06.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación de data 09.05.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E OITO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (1.288.537,25 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 223.630,43 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.6190090 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153290, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.288.537,25 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(446).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "VIGO VERTICAL. HUMANIZACIÓN DE LA AVDA. HISPANIDAD, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLDAN". EXPTE. 1679/441.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 18/05/2023 e o informe de fiscalización do 01/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/05/2023, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 10.10.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 11.10.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20.10.2022 aprobou o proxecto de "VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN" redactado polos Arquitectos María Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 €) de data setembro de 2022 e con sinatura dixital de data 27 de setembro de 2022. (Expte. 5451-443).

II.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 20.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.451-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas polos Arquitectos María Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia e con sinatura dixital de data 27 de setembro de 2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de datas 17.04.2023
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18.04.2023.
- D) Memoria económica asinada polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19.04.2023.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 20.04.2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada pola Enxeñeira Industrial do servizo de electromecánicos en data 03.05.2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 03 e 04 de maio de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.05.2023
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16.05.2023

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 10.10.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN” redactado polos Arquitectos Maria Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia,

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16.05.2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 220.623,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1539 6090068 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153968, segundo a seguinte distribución de anualidades:



Concello de Vigo

2023	720.000,00 €
2024	551.209,69 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 76,56%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(447).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL PARA A CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E A RÚA RAMÓN NIETO". EXPTE. 1680/441.

Visto o informe xurídico do 15/05/2023 e o informe de fiscalización do 01/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 10/05/2023, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 5 de abril de 2022 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO", a prol da empresa Ingenia Proyectos Técnicos SL (B36983906).

II.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L., presenta trala fase de supervisión do borrador o proxecto de "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS) de data marzo de 2022, firmado dixitalmente en data 20 de outubro de 2022.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de datas 22 e 23 de agosto de 2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 27e 29 de agosto de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.09.2022 aprobou o proxecto "VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS) de data marzo de 2022, firmado dixitalmente en data 20 de outubro de 2022. (Expte. 5457-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 27.10.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.457-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario de datas 17 e 18 de abril de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data data 18 de abril de 2023.



Concello de Vigo

- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19 de abril de 2023.
- E) Certificados de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 20 de abril de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeira Industrial Municipal en data 3 de maio de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 3 e 4 de maio de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 22 e 23.09.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN ENTRE O ENTORNO DO COLEXIO LOSADA E RÚA RAMÓN NIETO”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.305.531,65 EUROS)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 400.133,59 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539 6090067 (ACCESIBILIDADE COLEXIO LOSADA A RAMON NIETO M), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	1.070.000,00 €
2024	1.235.531,65 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 115,47 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(448).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA Á RECADACIÓN EXECUTIVA. EXPTE. 26287/541.

Visto o informe xurídico do 29/05/2023 e o informe de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 29/05/2023, asinado polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.-Antecedentes

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, asinada en data 2 de xaneiro de 2023, por esta tesourería procedeuse á formación técnica do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos complementarios de apoio para a tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico e outros procedementos sancionadores e expedientes de liquidacións practicadas polo Concello polos vehículos que permanecen no depósito municipal, conformando o expediente para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

No expediente tramitado ao efecto, entre outra, consta a seguinte documentación:

- Informe de necesidades a satisfacer de 02/01/2023.
- Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de 02/01/2023
- Memoria económica xustificativa do custe da prestación do 04/01/2023.
- Memoria xustificativa, corrección do 26/05/2023
- Descrición de funcionalidades e integración cos aplicativos corporativos do 04/01/2023.
- Declaración de neutralidade técnica na redacción do Prego de Prescricións técnicas 04/01/2023.
- Certificación de crédito futuro por unha contía de 18.113.008,42 euros, asinada o 10/01/2023.
- Declaración de ausencia de conflito de intereses dos técnicos participantes na redacción dos documentos que conforman o expediente de data 10/01/2023.
- Informe técnico sobre a estrutura de custes de 11/01/2023.
- Informe técnico sobre a estrutura de custes das notificacións do 11/01/2023.
- Anexo de custes de persoal detallado de data 17/04/2023.

- Memoria xustificativa de 17/04/2023.
- Informe sobre a comprobación da documentación polo Servizo de Contratación de data 18/04/2023
- Prego de Prescricións técnicas particulares de 17/04/2023.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Follas Específicas do Contrato de data 18/04/2023.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Follas Específicas do Contrato con corrección de data 26/052023.

As características básicas do contrato, tal e como se fai constar na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

1.- Natureza do Contrato: De servizos

2.- Obxecto do contrato:

- a) Constitúe o obxecto da contratación a prestación dos servizos complementarios de apoio e colaboración co aplicativo informático de recadación de propiedade corporativa municipal coas especificacións técnicas que figuran no PPT, para a tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso.
- b) II.2).- Colaboración cos servizos municipais de Tráfico e Seguridade Vial e Recadación, na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico e outros procedementos sancionadores en materias da competencia da concellería delegada de mobilidade e seguridade.
- c) II.3).- A tramitación dos expedientes de liquidacións practicadas polo Concello polos vehículos que permanecen no depósito municipal cando tivesen transcorridos os prazos que regula a Ordenanza Fiscal nº 15 e non fosen retirados coa presentación da preceptiva autoliquidación.

3.- Duración do contrato: A duración será de cinco anos, sen posibilidade de prórroga.

4.- Prezo do contrato: 18.113.008,42 euros.

5.- Aplicación orzamentaria: 9340.2270800.

6.- Servizo xestor: Tesourería Municipal.

Unha vez xustificadas as necesidades da contratación e incorporado ao expediente a documentación preceptiva para este contrato de servizos, polo Servizo de Contratación



Concello de Vigo

procedeuse a elaboración do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e as Follas Específicas do Contrato, sendo a sinatura dos documentos definitivos a seguinte:

PCAP e FEC: 18/04/2023.

PPT: 17/04/2023.

2.- Competencia

A competencia para a aprobación dos devanditos pregos así como do expediente de contratación e a adxudicación do contrato, corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 117, 122 e 124 da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado pla Lei 9/2017, de 8 de novembro, artigos, 318 e 319 da Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), 5/1997, de 22 de xullo e Disposición Adicional Segunda e Terceira da LCSP).

3.- Proposta

En consecuencia co anterior, unha vez que emita o informe a Intervención Xeral, someterase á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de condicións técnicas asinado en data 17/04/2023 e de cláusulas administrativas particulares asinado en data 26/05/2023, memoria xustificativa do contrato asinada o 17/04/2023 correxida asinada o 26/05/2023 e os seus anexos elaborados para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, por un período de Cinco anos.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto do contrato regulado na cláusula 3 das FEC, e o réxime de pagamentos e regularización anual reflectido na cláusula 11 das FEC:

Orzamento de licitación aos efectos orzamentarios: 18.113.008,42 euros.

Para o cálculo do orzamento de licitación, tivéronse en conta as porcentaxes do contrato vixente:

- Sancións de tráfico en procedemento executivo: 26,95% sobre a recadación.
- Sancións de tráfico en período voluntario: 26,95% sobre a recadación.

- Recadación en apremio, cunha rebaixa de 4 puntos en cada tramo: 18% para o último tramo, para unha recadación neta de máis de 10⁶ de euros (máis de dez millóns).
- % Recadación en voluntaria e executiva liquidación veh. depósito grúa: 24,95% sobre a recadación.

Contía sen IVE: 14.969.428,45 euros.

IVE: 3.143.579,97 euros.

Anualidades co IVE engadido:

- ano 2024: 3.511.977,68 euros
- ano 2025: 3.564.657,34 euros
- ano 2026: 3.618.127,20 euros
- ano 2027: 3.672.399,11 euros
- ano 2028: 3.745.847,09 euros

Se a futura adxudicataria oferta unhas porcentaxes de cobro inferiores, axustaranse as anualidades de gasto ao porcentaxe de cada un dos criterios tendo en conta o apartado 9.1 da Memoria xustificativa coas actualizacións do 1,5% para os anos 2002, 2023 e 2004.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP-FEC).

CUARTO.- A imputación do gasto farase con cargo á aplicación 9340.2270800 do Orzamento vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- Expediente de contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria: Camiña con nós pola igualdade.” Expte. 12131/224.
- Proposta de subsanación de acordo da Xunta de Goberno local do 19/05/23 para solicitar o obradoiro de emprego “Formaweb V”. Expte. 20059/77.
- Proxecto de convenio de colaboración coa deputación de pontevedra para a doazón das esculturas lonxa e alfândega. expte. 50314/446.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

27(449).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA: CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE.” EXPTE. 12131/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 31/05/2023 e o informe de fiscalización do 06/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/05/2023, asinado pola axente de igualdade de oportunidade dos Servizo de Igualdade, a xefa do Servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

O programa “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” é un programa coeducativo dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria da cidade. Ofrece unha programación permanente en cada centro, desenvolvendo obradoiros temáticos desde a perspectiva de xénero, empregando una metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de poñer en acción una estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo desde unha etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero.

Estes obradoiros están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, preferentemente os últimos cursos de cada ciclo. Lévanse a cabo en horario lectivo, nas aulas dos centros escolares, coa presenza do profesorado titor e adaptándose ás necesidades da súa comunidade educativa.

Os obradoiros terán unha duración estimada de 50 minutos para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de educación primaria, e de 90 minutos para o último ciclo de primaria.

Calcúlase a prestación de 600 horas de prestación de talleres por curso escolar como máximo.

En data do 29 de marzo de 2023, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolúcións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolúcións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” asinados o 29 de marzo de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 18 de maio de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e o 19 de maio de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 12 de abril de 2023 (operacións 202300041128-RC e 2023000041129-RCFUT1).



Concello de Vigo

- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 29 de marzo de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 29 de marzo de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira delegada de Igualdade.
- Memoria xustificativa asinada o 24 de maio de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 24 de maio 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 24 de maio de 2023 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 10 meses, sen posibilidade de prórroga.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 39.000 €. O importe do valor total estimado do contrato, tendo en conta que non hai posibilidade de prórroga nn de modificación do contrato, é de 39.000 €

O prezo do contrato (10 meses de duración) é de 39.000 €. A actividade está exenta de IVE, conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido, tal e como recolle o informe do Tribunal económico administrativo municipal de data 23 de decembro de 2022 unido a este expediente.

O prezo unitario é o seguinte:

PREZO UNITARIO: 65 €/hora

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2023 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2024.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2023 da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2024.

Exercicio 2023: 13.000 €

Exercicio 2024: 26.000 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

- Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021.

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).



Concello de Vigo

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 12 de abril de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 24 de maio de 2023.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 29 de marzo de 2023, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 39.000 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro do exercicio 2024 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, desglosado do seguinte xeito: 13.000 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, e 26.000 € imputárase ao orzamento futuro do exercicio 2024.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(450).-PROPOSTA DE SUBSANACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19/05/23 PARA SOLICITAR O OBRADOIRO DE EMPREGO “FORMAWEB V”. EXPTE. 20059/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/06/23, asinado pola xefa de Desenvolvemento Local e pola concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 21, do 24 de abril deste ano, publicouse a Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

II. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 19/05/2023, acordou:

1.Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

2.Solicitar á Consellería de de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027”, publicado no DOG. núm. 21, do 12 de abril deste ano.

3.Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4.Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB V”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous



Concello de Vigo

meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

III. Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, formúlase requirimento asinado en data 05/06/23 polo xefe de servizo de Formación para o Emprego (e recibida na mesma data) a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso rectificar o erro de cálculo da cota patronas dos alumnado traballador.

Unha vez corrixidos os cálculos do orzamento do proxecto, a subvención a solicitar á presente convocatoria sería de **424.836,96€**, en lugar dos 428.599,68€ que contemplaba inicialmente o proxecto de Obradoiro de emprego de garantía xuvenil FORMAWEB V.

A achega municipal estimada en 45.001,00 €, a incluír nas correspondentes partidas municipais dos anos 2023 e 2024 dos orzamentos municipais de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia, non se ve alterada pola presente rectificación.

Dacordo co informe asinado polo Interventor Xeral Municipal de data 16/05/2023, que consta no expediente: *Para o caso de que a subvención solicitada fora concedida, unha vez que conste a existencia formal do compromiso firme de achega pola entidade concedente, poderá xerarse crédito no estado de gastos do orzamento vixente ata a contía do compromiso non previsto no orzamento en vigor. Neste suposto, trátase dun recurso afectado á realización dun gasto determinado polo que debe de ser obxecto do adecuado control e seguimento contable para garantir o cumprimento das finalidades impostas pola normativa orzamentaria e contable.*

*Con todo, e tendo en conta que como consecuencia da aprobación do presente expediente non se producirá autorización ou aprobación de gasto algún para o Concello de Vigo con cargo aos seus orzamentos, nin ningunha fase de execución orzamentaria, **o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización ou intervención previa.***

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións da Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego en funcións, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 17 de agosto de 2020 e acordo de Xunta de Goberno Local do 18 de agosto de 2020, modificado o 8 de setembro de 2022 onde figuran as delegacións en materia de Emprego, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Subsanan o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 19/05/2023, d'accordo co requirimento efectuado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade recibido o 05/06/2023, que quedaría co seguinte tenor literal:

- 1. Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego FORMAWEB V", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, por un importe de 424.836,96€, de acordo co establecido na "Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (código de procedemento TR353B), cofinanciada polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027", publicado no DOG. núm. 21, do 12 de abril deste ano.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2023 e 2024, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4. Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "FORMAWEB V".*

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(451).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A DOAZÓN DAS ESCULTURAS LONXA E ALFÁNDEGA. EXPTE. 50314/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 08/06/2023, dáse conta do informe-proposta de data 05/06/2023, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O obxecto deste expediente é establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a doazón de dúas esculturas realizadas polos alumnos da Escola de Cantería, denominadas “Lonxa” e “Alfándega”.

O artigo 47.1 da LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Asemade, conforme o artigo 47.2 da LRXSP o convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo entendido como aqueles *“asinados entre dúas ou máis administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.”*

A Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, dispón que os bens

e dereitos patrimoniais das administracións públicas poderán cederse gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a outras entidades públicas

ou asociacións declaradas de utilidade pública. En concordancia co anterior o regulamento de bens das entidades locais dispón que poderán cederse os bens patrimoniais a institucións privadas de interese

público sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de 2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias, de medio ambiente urbano e, en particular, parques e xardíns públicos. Dita competencia está delegada na Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, segundo resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de datas 18 e 26 de xuño de 2019.

Doutra banda, é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, tal como establecen os artigos 109 e 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. A tal efecto, o artigo 118 de dita lei encomenda ás deputacións no marco da administración dos intereses da provincia, a creación, conservación e mellora dos servizos que contribúan ao seu fomento e, en especial, da conservación de monumentos histórico-artísticos.

Conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, consta xustificación da necesidade, oportunidade, impacto económico e carácter non contractual perseguidos polo Convenio de Colaboración e resolución da deputada delegada da Deputación de Pontevedra, de data 28 de abril de 2023, aprobando o convenio de colaboración.

A subscripción do Convenio non supón a cesión de titularidade de competencias e está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.2).

Os contidos do articulado do Convenio cumpre co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A celebración deste convenio non xera un gasto novo, distinto ao xa previsto nos orzamentos do Concello, polo que non se derivan da subscripción do convenio gastos adicionais.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a adquisición de bens, de conformidade coa DA 2ª da LCSP.

Á vista dos antecedentes, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta,

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a doazón de dous elementos escultóricos en pedra denominados “Lonxa” e “Alfándega”.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCE-
LLO DE VIGO PARA A DOAZÓN DAS ESCULTURAS LONXA E ALFÁNDEGA.

REUNIDOS

Dunha parte D^a María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da outra, D. Abel Caballero Álvarez, na súa condición de alcalde do Concello de Vigo, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o seu cargo.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense, mutuamente a capacidade e lexitimación suficientes para o outorgamento do presente documento, a cuxo fin

MANIFESTAN

Que por un retraso na tramitación administrativa no Concello de Vigo do convenio inicial para a doazón das esculturas Lonxa e Alfándega, non se finalizou a aprobación do citado expediente.

Que é competencia propia da Deputación o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, tal como establecen os artigos 109 e 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. A tal efecto o artigo 118 de dita Lei encomenda ás Deputacións no marco da administración dos intereses da provincia, a creación, conservación e mellora dos servizos que contribúan ao seu fomento, e en especial da conservación de monumentos histórico-artísticos.

Que a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, dispón que os bens e dereitos patrimoniais das administracións públicas poderán cederse gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social da súa competencia, a outras entidades públicas ou asociacións declaradas de utilidade pública. En concordancia co anterior o regulamento de bens das entidades locais dispón que poderán cederse os bens patrimoniais a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.



Concello de Vigo

Que o Concello de Vigo pretende instalar dúas esculturas en pedra nun lugar público. Que analizadas as circunstancias, co fin de difundir o noso patrimonio histórico-artístico e poñelo en valor, ambas partes consideran de interese público sociocultural instalar a escultura. Que a Deputación de Pontevedra dispón dunha Escola de Cantería, co fin de promover a defensa do patrimonio histórico-artístico e a formación nesta materia, de xeito que os froitos do proceso formativo do seu alumnado, reverta a favor das administracións públicas ou asociacións sen ánimo de lucro para a súa colocación en lugares emblemáticos ou para celebrar ou conmemorar feitos e datas singulares. Que para artellar a colaboración entre as partes, prevese a fórmula do convenio como idónea para acadar os obxectivos propostos. Neste senso os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Os convenios constitúen un instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestión de interese común, segundo resulta do contido do artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Que co fin de posibilitar a colaboración entre ambas entidades, as partes conveñen na concertación do presente convenio, con arranxo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a doazón de dúas esculturas realizadas polo alumnado da Escola de Cantería nos últimos anos, en concreto Lonxa e Alfândega de grandes dimensións, e que será instaladas en lugares públicos no Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

O Servizo da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra promoverá os traballos de elaboración e instalación da escultura.

O ben doado, incluídos os traballos de manufactura importan un valor de 74.826,40 €, IVE incluído.

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Vigo comprométese a facilitar os traballos necesarios para a instalación, permitindo o acceso a unha toma de corrente o máis preto posible, ou calquera outro indispensable para a realización dos traballos obxecto do convenio.

En caso de ser necesarios, os permisos, autorizacións e licenzas necesarias para realizar os traballos, correrán por conta do Concello de Vigo sen prexuízo de que, desde a Deputación de Pontevedra, se realicen aqueles trámites de colaboración necesarios para axilizar a elaboración dos traballos. En base á obriga anterior, o Concello de Vigo comprométese a xestionar, si procede, todas as autorizacións necesarias para acometer os traballos.

Unha vez realizados os traballos, o Concello asumirá a responsabilidade de conservación e o mantemento da peza.

O Concello de Vigo deberá presentar, unha vez realizados os traballos de instalación, a correspondente xustificación da publicidade realizada, mediante reportaxe fotográfica, recortes de prensa, etc, no prazo dun mes a contar dende a sinatura da acta de entrega ou a requirimento expreso da Deputación de Pontevedra.

O incumprimento das obrigas de publicidade poderá ser causa de resolución da doazón.

CUARTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ás actuacións a que se refire o presente convenio (carteis, folletos, noticias de prensa, páxina web e outros), o Concello de Vigo deberá facer indicación do financiamento pola Deputación de Pontevedra.

Nos paneis informativos que se coloquen durante a realización dos traballos obxecto do convenio farase constar, ademais dos datos descritivos das actuacións a imaxe corporativa que a este fin lle facilite a Deputación de Pontevedra, a través do seu Servizo de Imaxe e Comunicación Institucional, e neles figurará expresamente o financiamento da Deputación de Pontevedra.

QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a finalización das actuacións obxecto do convenio, fixándose en todo caso un prazo límite de execución de 3 meses.

A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

SEXTA.- SEGUIMENTO

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, creárase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes, un dos cales terá carácter técnico, sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra como regra xeral. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo, a presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión que actuará en calidade de presidente.

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio será remitida ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas-Resolución de 2 de decembro de 2016).

SÉTIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das causas de resolución.

Ademais das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- O mutuo acordo das partes asinantes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

O incumprimento e a resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a súa liquidación ao obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, as súas responsabilidades, e á indemnización dos prexuízos causados no seu caso, que se clarearán, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento.*



Concello de Vigo

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e demais lexislación en materia de réxime local, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución do orzamento da Deputación, base vixésimo quinta, punto 8, e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Este convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no convenio, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimento, acordan a submisión do presente Convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asinar o presente documento, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

Documento asinado dixitalmente"

SEGUNDO.- Notificar ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado á Concellería delegada da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais aos efectos da formalización do convenio polo concelleiro delegado.

CUARTO.- Proceder á publicación do convenio no Portal de Transparencia, conforme ao disposto no artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(452).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez